

Castro e Ladeira convoca á formación dun grupo de danza tradicional na parroquia de #Sabarís.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 27 Maio 2015 20:03

A actividade pretende formar un grupo de baile galego para a parroquia, segundo da conta Martín Otero, da asociación veciñal Castro e Ladeira de Sabarís. Para iso están abertas as inscricións para comezar as clases formativas no local da asociación. Os interesados deben dirixirse ao local os luns de 11 a 13 ou xoves de 19 a 21:30 horas. O colectivo pon a disposición o enderezo electrónico castroeladeira@hotmail.com .